

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO O DÍA CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL
DEZAOITO: - - - - -**

=====

PRESIDENTE:

D. Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

- D. Juan Antonio Deza Otero
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Rafael Domínguez Piñeiro
- D^a María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a Silvia Freire Fernández
- D. Alfonso Rea Pérez
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D. José - Daniel Fernández Piñeiro
- D. Jesús - Joaquín Sueiro Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. Maximino González Miniño
- D^a Vanessa Rodríguez Búa
- D^a M^a del Coral González-Haba Pérez

NON ASISTE:

D. Roberto Carlos Agís Balboa

INTERVENTOR:

D. José Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)

SECRETARIO:

D. Angel Luis López Pita.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas do día cinco de novembro de dous mil dezaoto, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

O Sr. Alcalde xustificou a ausencia do Sr. Agís Balboa por encontrarse de viaxe.

UNICO: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBAR O PROXECTO DE ACTUACIÓN DENOMINADO “SANXENXO E O GROVE: POLOS TURÍSTICOS INTELIXENTES” E PARA APROBAR O COMPROMISO DE CONSIGNACIÓN DAS ANUALIDADES DE 2019 E 2020. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 25 de outubro de 2018.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou que se trataba dun proxecto conxunto co Concello de O Grove para acceder a unha convocatoria de axudas de SEGITUR, dado que o Concello de Sanxenxo ao non chegar os 20.000 habitantes, non podía acceder por se só, sendo o obxectivo a mellora de competitividade e das experiencias dos visitantes, procedendo a continuación a describir as actuacións sinaladas no proxecto.

A Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita, logo de agradecer a súa explicación á anterior interviniente, manifestou que as debeu dar o concelleiro de turismo, Sr. Sueiro Méndez, engadindo que se felicitaba de que a Mancomunidade do Salnés sirva para algo mais que para facer viaxes, aludindo a continuación ás que considerou como desagradables declaracións do Sr. Gonzalo Durán, presidente actual da Mancomunidade do Salnés, sobre a presidenta da Deputación chamándolle “chacha para todo”, solicitando o pronunciamento da concelleira de servizos sociais, Sra. Freire Fernández, sobre estas declaracións, tendo en conta que na propia entrada do concello existía diversos motivos en contra da violencia de xénero.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, indicou que á parte de apoiar esta proposta, que facía referencia a unha estratexia experimental para recabar datos, que en todo caso dará resultado ao longo prazo e incidindo en que se seguía a actuar en torno ao xa coñecido, cando se necesita abrir o turismo a novas vías.

O Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dixo que non falou antes porque o fixo a Sra. Deza Martínez, sinalando que non só se fan viaxes na Mancomunidade do Salnés, que por outra parte son necesarios, senón que se está a traballar conxuntamente con outros concellos para conseguir a mellora do sector, engadindo que este proxecto o que pretende buscar é a adaptación ás novas tecnoloxías, que son o camiño do futuro.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: aprobar o proxecto de actuación denominado “SANXENXO E O GROVE”: POLOS TURÍSTICOS INTELIXENTES” incluído na convocatoria de axudas para o desenvolvemento dos “Plan Nacional de Territorios Intelixentes da Axenda Dixital para España, Destinos Turísticos Intelixentes”.

SEGUNDO: aprobar, o compromiso de consignación das anualidades nos orzamentos municipais de 2019 e 2020 seguintes:

COFINANCIACIÓN	
50% ao 6 meses da sinatura do convenio	ANUALIDADE 2019
	207.345,00 €
50% aos 18 meses da sinatura do convenio	ANUALIDADE 2020
	207.345,00 €

TERCEIRO: aprobar o compromiso de realizar as transferencias dos importes citados no parágrafo anterior á Mancomunidade do Salnés nos prazos previstos (o 50%, antes dos 6 meses dende a sinatura do convenio e o outro 50% antes dos 18 meses dende a sinatura do convenio).---

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as nove horas e quince minutos de todo o que, eu secretario **DOU FE:**